

ACTA Nº 3/2007 DA MESA SECTORIAL DE NEGOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS

En Santiago de Compostela, sendo as 11:00 horas do día 28 de xuño de 2007, reúnese, en sesión extraordinaria, no salón de actos nº 1 (grande) da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, a Mesa Sectorial de Negociación de Funcionarios coa asistencia das persoas a seguir se relacionan, segundo a orde do día que tamén se cita.

ASISTENTES:

Presidente: Victor Gallego Vincent, Subdirector xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Dirección Xeral da Función Pública.

Pola Administración:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Manuela Guillán de Dios
C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Beatriz Rodríguez Fraga
C. de Economía e Facenda: M^a Dolores Rodríguez Amaya e Carlos Carid Fernández.
C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: María Chas de la Calle.
C. de Educación e Ordenación Universitaria: Marina García Valeiras.
C. Innovación e Industria: Lourdes Courtier Ramos
C. Cultura e Deporte : Miguel Angel Ares Casal
C. Pesca e Asuntos Marítimos: María del Mar Pousa Cobas
C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: María Dolores Veiga Gondelle
C. de Traballo: Don Víctor Tubío Villar.
C. Vivenda e Solo: Jorge Picouto Delgado

Representantes das Organizacións Sindicais presentes na Mesa Sectorial de Negociación:

CC.OO: Pedro Méndez Gil e Oscar Briones Gamarra
CSI-CSIF: José Carlos García Bouzas e Carmen Noya Castro

Secretaria: Raquel Souto García, xefa do servizo de xestión da Dirección xeral da Función Pública.

Punto único: Proposta de modificación da base I.3 da Orde do 11 de xuño de 2007, pola que se convoca o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración Xeral da Xunta de Galicia.

Aberta a sesión polo Presidenta pasouse ó estudio da orde do día da reunión.

O Presidente informa que se propón a modificación da base I.3 da Orde do 11 de xuño de 2007, pola que se convoca o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia. Nos anteriores concursos de traslados estaba redactada do mesmo xeito e nunca se planteou ningún problema, se ben neste momento formularonse recursos administrativos contra dita base que obriga a D.X. da Función Pública a replantear o tema, e tendo en conta a normativa legal, modifícase a base I.3 no sentido que figura no documento adxunto.

***Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións:**

Manifestan que é certo que esta base sempre tivo esta redacción pero a normativa en vigor non se adapta á dita redacción. Entenden que habería que modificar o Decreto de provisión. Indican que supón unha

adaptación da base ás normas en vigor, que entenden que están mal feitas e habería que reformar, para acadar unha solución igualitaria para todas as situacións (adscritos por reingreso, adscritos por cese en libre designación ou supresión do posto de concurso e persoal a dispor).

***Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF, facendo as seguintes observacións:**

Plantean unha serie de dúbidas e cuestión sobre esta base, ás que se lle da resposta polo Presidente da Mesa e pola Subdirectora xeral de selección e provisión de postos da D.X.da Función Pública, Eduarda Varela, planteándose tamén diversas cuestións por parte dos representantes da Administración.

Como resumo do debate planteado na sesión, manifestase que:

- Os funcionarios/as que se atopan a dispor do Consellerio, non están obrigados a participar no concurso.
- Os funcionarios/as que se atopan en adscrición provisional, teñen obriga de concursar, con independencia de que o posto ao que estean adscritos saia ou non no concurso de traslados.
- Se os funcionarios adscritos por reingreso non cumpren a obriga de concursar, quedarían na situación de excedencia voluntaria por interés particular. Está previsión non está contemplado na Lei para os adscritos provisionais por cese ou supresión do posto.
- Os funcionarios que teñan a obriga de concursar, non están obrigados a solicitar todos os postos, sólo están obrigados a participar no concurso.
- No caso de que os adscritos provisionais e os que estean a dispor, non obtiveran posto no concurso, quedarían na mesma situación.

***A representación da organización sindical CCOO,** pregunta sobre a posibilidade de paralizar o concurso de traslados, ata que se modifique o Decreto de provisión.

*** O Presidente da Mesa Sectorial,** manifesta que non é viable, dada a convocatoria de procesos selectivos, que suporía tamén un atraso.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as once e media horas do día da data.

Vº e praxe,

Dou fe

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Victor Gallego Vincent

Raquel Souto García